

tada nunha lingua non oficial en territorio español, presentárase acompañada da súa correspondente tradución.

3. Antes de ditar o acordo polo que se resolva a solicitude formulada porase de manifesto o expediente ao contribuínte ou, se é o caso, ao seu representante, para que efectúe as alegacións que estime pertinentes.

4. A Administración disporá dun prazo de seis meses, contados desde que se formule a solicitude, para adoptar a oportuna resolución, sempre que dispoña de todos os datos e xustificantes necesarios.

Transcorrido o devandito prazo, poderase entender desestimada a solicitude, para efectos de interpoñer contra a resolución presunta o correspondente recurso ou reclamación ou esperar a resolución expresa.

Nos casos de desestimación por silencio, a resolución expresa posterior adoptárase sen vinculación ningunha ao sentido do silencio.

5. A resolución conterá os cálculos efectuados de acordo co disposto no artigo anterior. Se é o caso, a Administración tributaria procederá a devolver o exceso a que se refire o punto 3 do artigo 22 deste regulamento, sen prexuízo da práctica das ulteriores liquidacións, provisionais ou definitivas, que procedan.

A devolución practícarase dentro do prazo establecido no punto 4 anterior. Transcorrido o dito prazo sen que se ordenase o pagamento da devolución por causa non imputable ao contribuínte, aplicaráselle á cantidade pendente de devolución o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, desde o día seguinte ao do termo do devandito prazo e ata a data na que se ordene o seu pagamento, sen necesidade de que o contribuínte así o reclame.

6. A forma e o procedemento de pagamento das devolucións a que se refire este artigo será o establecido para as devolucións que se deban efectuar en virtude do disposto no artigo 16 deste regulamento.

#### Artigo 24. *Condición de contribuíntes por este imposto.*

Sen prexuízo de que a opción supoña, se é o caso, unha tributación efectiva en España calculada en función das normas do imposto sobre a renda das persoas físicas, as persoas físicas ás que resulte de aplicación o réxime opcional regulado neste capítulo non perderán, en ningún caso, a súa condición de contribuíntes por este imposto. En consecuencia, estarán suxeitas ao cumprimento de todas as obrigas que ao respecto lles sexan exixibles en virtude do disposto na normativa reguladora do imposto sobre a renda de non-residentes.

Disposición derradeira única. *Autorización ao ministro de Economía e Facenda.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación deste regulamento.

xaneiro de de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 302, no anexo I, Especificacións das gasolinas, fila «Índice de octano research (RON)», columna «EN EN 228», onde di: «EN 25165:1993», debe dicir: «EN 25164:1993».

Na páxina 303, no anexo I, Especificacións das gasolinas, na columna «Características», onde di: «Alcohol ter5-butílico», debe dicir: «Alcohol tert-butílico».

Na páxina 304, no anexo II, Especificacións do gasóleo de automoción (clase A)», na fila «Hidrocarburos policíclicos aromáticos», na columna «Unidade de medida», onde di: g«% m/m<sup>3</sup>», debe dicir: «% m/m».

Na páxina 304, no anexo II, Especificacións do gasóleo de automoción (clase A)», na fila «Contido en xofre», na columna «Unidade de medida», onde di: «mg/kg<sup>3</sup>», debe dicir: «mg/kg».

Na páxina 304, no anexo II, Especificacións do gasóleo de automoción (clase A)», na columna «Características», onde di: «Partículas sólidas (contaminación total)», debe dicir: «Contaminación total (partículas sólidas)».

Na páxina 305, no anexo III, Especificacións dos gasóleos clase B e clase C, na columna «Características», onde di: «95% recollido, mín.», debe dicir: «95% recollido, máx.».

Na páxina 305, no anexo III, Especificacións dos gasóleos clase B e clase C, na columna «Características», onde di: «Partículas sólidas, máx.», debe dicir: «Contaminación total (partículas sólidas), máx.».

Na páxina 306, no anexo IV, Especificacións de fueis, na fila «Auga e sedimento, máx.», na columna «Unidades de medida», onde di: «% volume», debe dicir: «% V/V».

Na páxina 306, no anexo IV, Especificacións de fueis, na fila «Auga, máx.», na columna «Unidades de medida», onde di: «% volume», debe dicir: «% V/V».

Na páxina 306, no anexo IV, Especificacións de fueis, na fila «Vanadio, máx.», na columna «Normas ASTM», onde di: «D-5683», debe dicir: «D-5863».

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**14600** *REAL DECRETO 1777/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sociedades. («BOE» 189, do 6-8-2004.)*

## MINISTERIO DE ECONOMÍA

**14533** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1700/2003, do 15 de decembro, polo que se fixan as especificacións de gasolina, gasóleos, fuel e gases licuados do petróleo, e o uso de biocarburantes. («BOE» 188, do 5-8-2004.)*

Advertidos erros no Real decreto 1700/2003, do 15 de decembro, polo que se fixan as especificacións de gasolina, gasóleos, fuel e gases licuados do petróleo, e o uso de biocarburantes, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do 16 de

I

A disposición adicional cuarta da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non-residentes, na redacción dada pola disposición derradeira décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, habilitou o Goberno para elaborar o texto refundido da Lei de imposto sobre sociedades, aprobado por Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

En relación co dito texto refundido, o Consello de Estado, en ditames do 16 de outubro de 2003 e 26 de febreiro de 2004, observou que se debía proceder a refundir nun único corpo normativo todas as disposicións